

O SERGAS CONTINÚA A SOBRECARGAR Á/AO PSX

O SERGAS está a facer públicos os datos da **posta en marcha do programa XIDE**; un programa informático orientado a dar cita coa profesional de referencia que poida dar a mellor resposta a cada problema de saúde.

- Os datos da **pilotaxe do programa XIDE necesitan un tratamento máis rigoroso**, xa que, do contrario pódense banalizar certas actuacións médicas importantes na saúde das persoas.
- Tamén cabe subliñar que o programa XIDE **foi pilotado en centros onde se incrementou o persoal**, este incremento non pode ser temporal.

Para a CIG-SAÚDE, o SERGAS ten que ter en conta que para a incorporación de programas informáticos necesitan persoas para o seu manexo e para a relación coa poboación.

Os programas informáticos non van a substituír ás persoas que traballan nas áreas administrativas de Atención Primaria, senón que incorporan unha **nova tarefa que consume tempo de traballo**.

Desde CIG-SAÚDE denunciámos que as áreas administrativas dos centros de saúde están **infradotadas de persoal**. Nos últimos anos son múltiples as funcións e programas informáticos que asumiu este colectivo, sen recibir a formación necesaria, sen ter unha persoa de referencia para consultar as dúbidas, e sen incorporación de persoal. E un aspecto grave: as áreas administrativas, incluídas as dos centros de nova creación, **non garanten a privacidade das usuarias**.

Desde CIG-SAÚDE esiximos que o SERGAS asuma que:

- todo o traballo ten valor, con independencia da categoría que o preste.
- o persoal das áreas administrativas asume unha carga importante do traballo da Atención Primaria, polo que debe contar coa súa opinión e participación.

É lamentable, que no capítulo de persoal do plan de atención primaria 2019/2021, O SERGAS **non recolla ningunha mención ao traballo das áreas administrativas**, como senón existiran. Se para o SERGAS este persoal non existe, como van falar das súas condicións de traballo e da súa prestación de servizo?

Fronte a isto, o plano de atención primaria 2009/2011, contemplaba a creación de 89 prazas, que como o SERGAS suspendeu este plano, estas prazas non foron creadas.

Desde a CIG-SAÚDE esiximos:

- **A dotación de máis persoal nos centros de saúde deficitarios.**
- **A creación do posto de Coordinadora de formación de PSX**
- **A Creación do posto de Xefa de Grupo do persoal PSX.**

É imprescindible que, ademais de ter unha maior dotación de persoal, haxa unha mínima **estrutura de xestión para coordinar o traballo das áreas administrativas**. E unha **coordinadora de formación** para que o persoal reciba a formación continuada necesaria.

Plan de Mellora de Atención Primaria 2009/2011

CADRO DE PERSOAL:

PRAZAS DO PLAN MELLORA QUE QUEDARON SEN CUBRIR (2009-2011)

Categoría	2009	2010	2011	TOTAL
Médicos	94	62	47	203
Pediatras	20	13	10	43
DUE	198	129	97	424
PSX	39	28	21	89
Matronas	10	7	5	22
Fisioterapia	38	25	18	81
Odontólogos	11	7	5	23
Hixienista	21	14	10	45
Tr.Social	23	16	12	51
Aux. enfermería	31	21	16	68
TOTAL	485	322	242	1049

Plan de Atención Primaria 2019/2021

INCREMENTO DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL:

A repercusión das medidas que se recollen de dotación de prazas no Capítulo 1 do Servizo Galego de Saúde no período 2019-2021 reflíctese no seguinte cadro resumo:

INCREMENTO DE PRAZAS	2019*	2020	2021	TOTAL
MÉDICO/A FAMILIA ATENCIÓN PRIMARIA	12	29	39	80
PEDIATRA ATENCIÓN PRIMARIA	-	10	10	20
FARMACÉUTICO/A ATENCIÓN PRIMARIA	-	2	2	4
ENFERMEIRO/A ATENCIÓN PRIMARIA	25	38	67	130
FISIOTERAPEUTA	8	11	21	40
MATRÓN/A	-	7	13	20
TRABALLADOR/A SOCIAL	-	5	9	14
MIR FAMILIA	7	10	-	17
MIR PEDIATRÍA	-	6	-	6
TOTAL	52	118	161	331

CIG-SAÚDE denuncia que este cadro de persoal reflicte que para o SERGAS o persoal PSX non existe.